



Sem	L	M	Me	X	V	S	D
--			1	2	3	4	5
00	6	7	8	9	10	11	12
01	13	14	15	16	17	18	19
02	20	21	22	23	24	25	26
03	27	28	29	30	1	2	3
04	4	5	6	7	8	9	10
05	11	12	13	14	15	16	17
06	18	19	20	21	22	23	24
07	25	26	27	28	29	30	31
08	1	2	3	4	5	6	7
09	8	9	10	11	12	13	14
10	15	16	17	18	19	20	21
11	22	23	24	25	26	27	28
12	29	30	1	2	3	4	5
13	6	7	8	9	10	11	12
14	13	14	15	16	17	18	19
15	20	21	22	23	24	25	26
16	27	28	29	30	31	1	2
17	3	4	5	6	7	8	9
18	10	11	12	13	14	15	16
19	17	18	19	20	21	22	23
20	24	25	26	27	28	29	30
21	31	1	2	3	4	5	6
22	7	8	9	10	11	12	13
23	14	15	16	17	18	19	20
24	21	22	23	24	25	26	27
25	28	1	2	3	4	5	6
26	7	8	9	10	11	12	13
27	14	15	16	17	18	19	20
28	21	22	23	24	25	26	27
29	28	29	30	31	1	2	3
30	4	5	6	7	8	9	10
31	11	12	13	14	15	16	17
32	18	19	20	21	22	23	24
33	25	26	27	28	29	30	1
34	2	3	4	5	6	7	8
35	9	10	11	12	13	14	15
36	16	17	18	19	20	21	22
37	23	24	25	26	27	28	29
38	30	31	1	2	3	4	5
39	6	7	8	9	10	11	12
40	13	14	15	16	17	18	19
41	20	21	22	23	24	25	26
42	27	28	29	30			

EXAMENES, AVALIACIÓNS, REVISIÓNS e RECLAMACIÓNS

Set.	SETEMBRO			
Presentación do curso	23			
Inicio curso	27			

Out.	OUTUBRO			
Probas de Nivel ESA C-1	1			
Día do ensino	11 de Outubro			

Nov.	NOVEMBRO			
Exames 1ª aval. C-1 ESA	19	Notas 26	Revisión 29	

Dec.	DECEMBRO			
------	----------	--	--	--

Xan.	XANEIRO			
Exames Finais C-1 ESA	28	Notas 3 feb	Reclamacións 3/4	
Probas de Nivel ESA C-2	7 feb.			

Feb.	FEBREIRO			
Matrícula C-2 ESA	7 ao 9	(se non vai ao exame extra. o 4 mar)		

Mar.	MARZO			
Exames Extra. C-1 ESA	4	Notas 10	Reclamacións 10/11	
Re-Matrícula C-2 ESA	14 ao 16	(se vai ao exame extra. o 4 marzo)		

Abr.	ABRIL			
Exames 1ª aval. C-2 ESA	8	Notas 20	Revisión 22	

Maio	MAIO			
			Revisión 2 maio	

Xuño	XUÑO			
Exames Finais C-2 ESA	3	Notas 8	Reclamacións 08/09	
Exames Extra. C-2 ESA	17	Notas 22	Reclamacións 22/23	



As cualificacións poderán consultarse o día das notas de cada avaliación na páxina web antes das 19 horas.

Na AULA VIRTUAL podedes encontrar: materiais, vídeos didácticos, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. **TODOS OS MATERIAIS** necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entra nela (**POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA**), coñecela ben, e aproveitala.


TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun **DOCENTE**, que atende **CATRO TIPOS DE TITORÍAS**: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por **CORREO ELECTRÓNICO** e **PRESENCIAIS**.

Todo o **PROFESORADO TITOR** dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia, figura un reloxo pequeno co que se accede ao horario semanal da súa titoría.

TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)


O xeito mais **RÁPIDO** e **EFFECTIVO** e solicitar unha TITORÍA mediante o botón presente na aula virtual, e seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer de un portátil ou ordenador con cámara web.



P

or cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

Xestor de titorías web



Relación de titorías web rexistradas no sistema.

Asignatura	Profesor/a	Alumno/a	Data / hora	
(1BAC) - Bioloxía e Xeoloxía	Rodríguez Ruibal, Mercedes (Xefa Dpto. Bioloxía e Xeoloxía)	Alumno de pruebas	30/09/2020 18:00 (Mércores)	Anular Titoría web
(2BAC) - TIC II	Lozano Barreiro, José	Alumno de pruebas	01/10/2020 10:25 (Xoves)	Anular Titoría web



TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA (nas de TITORÍA WEB **non**) é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirán informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, poden enviarlle mensaxes ao profesorado de Santiago (e tamén ao resto do alumnado) e terán a oportuna resposta por este mesmo medio. O **PROFESORADO TITOR** do IES “San Clemente” ocupárase de atender os correos que remitades e contestalos en menos de 24 horas (en moitos casos incluso sábados e domingos).

TITORÍAS PRESENCIAIS

As TITORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a situación sanitaria actual, **durante o presente curso terán carácter EXCEPCIONAL e deberán ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**

MATRÍCULA

Na ESA cada curso dura un cuadrimestre. O 1º CUADRIMESTRE remata na última semana de xaneiro e a continuación comeza o 2º CUADRIMESTRE, que remata en xuño. Deste xeito o alumnado pode estudar dous cursos nun mesmo ano.

En cada cuadrimestre haberá dúas convocatorias:

- unha CONVOCATORIA ORDINARIA, na que se fará un EXAME PARCIAL (1ª avaliación) e outro EXAME FINAL.
- unha CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA, na que soamente haberá un EXAME FINAL.

No mes de febreiro, ao rematar o primeiro cuadrimestre, **hai que matricularse de novo** para poder continuar os estudos.

MATRÍCULA DO 2º CUADRIMESTRE

O alumnado que ao rematar o 1º cuadrimestre teña APROBADAS TODAS AS MATERIAS e polo tanto, non precise dos exames extraordinarios, **deberá matricularse para o 2º cuadrimestre nos días 7, 8 ou 9 de febreiro.**

Aquel alumnado con ALGUNHA MATERIA PENDENTE que se presente aos exames extraordinarios deberá matricularse para o segundo cuadrimestre nos días 14 ao 16 de marzo, e xa poderá presentarse aos exames da 1ª avaliación do 2º cuadrimestre o 8 de abril.

Nesta matrícula o alumnado solo debe cumprimentar a folla dos ámbitos non superados ou daqueles que desexe cursar no 2º cuadrimestre.

No apartado MATRICULA/NOTAS da AULA VIRTUAL aparecerán os datos da matrícula de cadaquén e, despois de cada avaliación, as cualificacións obtidas; é importante comprobar a correcta matriculación e comunicarlle ao IES San Clemente calquera incidencia detectada.

PROFESORADO TITOR DE CADA ÁMBITO

ÁMBITOS	PROFESORADO TITOR	TELÉFONO
Ámbito Social M1	María Esther Durán Rivas	881867530
Ámbito Social M2	Javier Poch Gutiérrez	881867530
Ámbito Social M3	María Esther Durán Rivas	881867530
Ámbito Social M4	Javier Poch Gutiérrez	881867530
Ámbito Científico–Tecnolóxico M1	Luís Simón Carballido	881867529
Ámbito Científico–Tecnolóxico M2	Luís Simón Carballido	881867529
Ámbito Científico – Tecnolóxico M3	Juan Carlos Fandiño da Torre	881867529
Ámbito Científico – Tecnolóxico M4	Laura Casas Gorrita	881867532
Ámbito de Comunicación + ING M1	Carlota Mascareñas García	881867531
Ámbito de Comunicación + ING M2	Guillermo Reiriz Varela	881867523
Ámbito de Comunicación + ING M3	Carlota Mascareñas García	881867531
Ámbito de Comunicación + ING M4	Guillermo Reiriz Varela	881867523
Francés M3 / M4	M ^a Soledad Castellanos Merayo	881867523

PROTOCOLO NA REALIZACIÓN DE EXAMES PRESENCIAIS

Como consecuencia da situación sanitaria derivada do COVID-19, o alumnado deberá realizar a seguinte **enquisa de autoavaliación clínica** antes do acceso ao centro, e non poderá entrar se presenta algún síntoma ou se lle foi prescrito illamento por parte das autoridades sanitarias.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NOM
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

		SI	NOM
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

No o acceso aos lugares nos que se levan a cabo os exames, seguirase o seguinte **protocolo**:

O alumnado **soamente poderá estar no interior do centro educativo para a realización dos seus exames**. Non poderá chegar con máis de 10 minutos de marxe, e deberá saír do mesmo e entrar de novo cando o tempo de espera entre exames sexa maior de 10 minutos.

O alumnado entrará na aula **5 minutos antes** do seu exame e dedicará uns minutos á **desinfección da mesa e da cadeira** coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Desinfectarase tamén antes do exame calquera **outro material** que se vaia a empregar no mesmo.

Entrarase deixando a **distancia de seguridade** de 1,2 metros e evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera.

O alumnado e o profesorado teñen a obriga de **usar máscaras** durante a realización dos exames e na entrada e saída do centro.

En todas as aulas, na zona máis próxima a porta da mesma, colocarase un **dispensador de xel hidroalcohólico**.

Durante a realización dos exames e no tempo entre eles, deberá manterse unha **ventilación frecuente** do espazo.

Non se poderá compartir material cos compañeiros. Cada alumno realizará os exames e asinará na lista co seu propio material.

As ventás, portas, persianas, contras e dispositivos de funcionamento da iluminación serán **unicamente usadas polo profesorado**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

A entrega do exame e a saída da aula será ordenada, de 1 en 1, gardando a distancia de seguridade de 1,2 metros e evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

EXAMES

Os exames serán sempre os VENRES. En todas as convocatorias manterase o seguinte HORARIO DE EXAMES.

HORARIO DOS EXAMES	
9,30 a 10,30	Ámbito Social
10,30 a 10,50	descanso
10,50 a 12,00	Ámbito Científico Tecnolóxico
12,00 a 12,20	descanso
12,20 a 13,50	Ámbito Comunicación

DATAS DOS EXAMES		
	1er Cuadr.	2º Cuadr.
1ª Avaliación	19 novembro	8 abril
Final Ordinaria	28 xaneiro	3 xuño
Final Extraord.	4 marzo	17 xuño

En caso de que nas datas dos exames estea restrinxida a mobilidade nalgunha zona de Galicia, publicaranse novas instrucións dirixidas as persoas que residan na mesma con información para a realización dos seus exames.

CUALIFICACIÓNS

Normalmente aos comezos da semana seguinte aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na páxina web (en VER NOTAS) ese mesmo día antes das 19 horas, de xeito que calquera alumno poida coñecer as súas notas (tamén pode imprimilas).

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá unha ou dúas datas dedicadas á REVISIÓN DOS EXAMES (previo aviso, cando o alumno/a non estea de acordo coa cualificación).

Cando un alumno/a desexe obter un boletíns de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES “San Clemente” ou ben deixar un sobre co enderezo xa escrito e seralle remitido por correo.

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Calquera información relevante correspondente á ensinanza da ESA, publicaranse na páxina web do Instituto ([www.ies sanclemente.net](http://www.ies Sanclemente.net)), e no noso canal de Telegram ([telegram.me/esasanclemente](https://t.me/esasanclemente)).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, queixa, suxestión, etc.) debes contactar co **COORDINADOR DA ESA, Javier Poch Gutiérrez**, ou coa **XEFA de ESTUDOS, Raquel Rodríguez Blanco**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao PROFESORADO TITOR responsable da mesma.